



Criterios de ordenación do acceso de público ás tribunas

- 1.- O grupo parlamentario é responsable de dar cumprida información aos seus invitados do previsto no Regulamento respecto da orde dentro do recinto parlamentario.
- 2.- Para o seu acceso ao salón de Plenos os invitados deberán asinar o escrito que se lles proporciona á entrada da tribuna no que constan os deberes do público previstos no Regulamento.
- 3.- No suposto de que o invitado non asine poderá seguir a sesión plenaria dende o espazo do grupo parlamentario.
- 4.- No caso de expulsión do salón de sesións por desorde nas tribunas os invitados expulsados non poderán asistir á Cámara durante o período de sesións ou tempo equivalente, sen prexuízo doutras consecuencias previstas no regulamento. So poderán acceder aos locais dos grupos parlamentarios, previa invitación polos mesmos.
- 5.- No caso de expulsión do salón de sesións por desorde nas tribunas, o grupo parlamentario que invitou aos expulsados deberá deixar transcorrer un pleno para poder propoñer invitados. En caso de reincidencia perderase o cupo como mínimo para un período de sesións ou tempo equivalente.
- 6.- Os invitados deben absterse de portar pancartas, estandartes ou emblemas de todo tipo que conteñan mensaxes que non respecten o comportamento previsto no artigo 109 do regulamento para os invitados.
- 7.- No caso de alteración da orde os servizos de seguridade remitirán testemuña dos feitos á Mesa para o seu traslado á autoridade xudicial.